

25 **novembro** 2021 | Día Internacional para a Eliminación
da Violencia contra as Mulleres

Fartas pero imparábeis!




**CONFEDERACIÓN
INTERSINDICAL**
Organización de Mulleres


Asemblea
de Mulleres


STEG

PROPOSTAS DIDÁCTICAS



Xustificación

A **Organización de Mulleres da Confederación Intersindical**, outro **25 de novembro** máis, **Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as mulleres**, fai un chamamento a todos os axentes da comunidade educativa invocando a transcendencia e magnitude que a educación supón para erradicar unha das maiores e máis perniciosas lacras en todas as partes do planeta: a violencia que se exerce cara as mulleres. Esta violencia que se produce en todos os eidos da sociedade. De xeito explícito a través dos malos tratos, os feminicidios, a explotación e tráfico con fins sexuais, nos conflitos armados ou no acoso sexual; e de maneira simbólica a través dos medios de comunicación, a violencia xustificada polas tradicións culturais e relixiosas ou a violencia institucional tolerada e silenciada.

Con esta **finalidade** dirixímonos a vos, como profesionais da docencia, e ofrecémosvos esta nova achega a esta tarefa educativa mediante esta proposta didáctica con actividades para traballar na aula, estruturada para todos os niveis educativos dende infantil ata persoas adultas. Con estes materiais pretendemos contribuír a configurar un **currículo non sexista**, onde se supere a histórica invisibilidade das mulleres onde se ensine e se aprenda a construír a igualdade entre mulleres e homes.

Aportamos **materiais e estratexias que permitan detectar e combater** situacións e condutas que conducen á violencia contra as mulleres, ao mesmo tempo **fomentar cambios** cognitivos, emocionais e actitudinais que permitan construír unha convivencia entre todas as persoas rexida polos principios de xustiza social, equidade e igualdade. Apostamos por unha formación de todas as persoas que traballan con mulleres vítimas de violencia machista, traballadoras sociais, poder xudicial, policía, porque é preciso que estas mulleres reciban o apoio que necesitan e deste xeito evitar situacións de desprotección.

Obxectivos

- Educar en igualdade como instrumento para previr todo tipo de violencia cara ás mulleres, potenciando actitudes de respecto ao feminino.
- Definir, visibilizar e identificar todas as formas de violencia que se exercen sobre as nenas e as mulleres.
- Desenvolver un espírito crítico ante os costumes, as crenzas e as prácticas sociais lexitimadas pero que implican violencia contra as mulleres.
- Dotar de estratexias que permitan detectar as actitudes violentas e os sesgos sexistas cara ás mulleres nas contornas máis achegadas (familia, amizades, centros educativos).
- Reflexionar criticamente sobre todos aqueles mitos que minimizan o problema da violencia de xénero.
- Reflexionar sobre a desigualdade e disimetría entre sexos nos eidos social, laboral e económico como orixe da violencia de xénero.
- Coñecer os mecanismos e protocolos de actuación ante a violencia machista.
- Detectar a linguaxe sexista máis agresiva nos medios de comunicación, libros de texto, música, arte, etc, e desenvolver estratexias de modificación da mesma.
- Detectar a violencia simbólica que se exerce socialmente contra as mulleres, e desenvolver unha actitude de rexeitamento fronte a ela.
- Reflexionar sobre as novas formas de violencia cara ás mulleres a través das redes sociais.
- Recoñecer a violencia de xénero como un problema social que nos afecta a todas e todos, e desenvolver actitudes de loita activa contra esta.
- Adquirir unha imaxe axustada de cada cal co fin último de manter unha autoestima axeitada.
- Concienciar ao alumnado para compartir e asumir responsabilidades, familiares e sociais, de xeito conxunto, evitando estereotipos sexistas

Proposta Didáctica 0 – 3 anos

Actividade nº 1: Mural Colectivo “Trátame ben”

En asemblea explicaremos que é “Tratarse ben”. Para iso poremos nome ás accións que significan tratarse ben: Acompañar, masaxear, dar a man, escoitar, amar, alimentar, bicar, axudar, compartir, emprestar, ...

As nenas e os nenos explicarán que persoas trátanos ben e que é o que fan para que se decaten de que foron tratados ben.

Actividade nº 2:

Colorear as letras da frase “Trátame ben”, que acompañará ao mural que se elaborará na actividade tres.

Actividade nº 3:

A partir de fotos que traerá o alumnado da súa casa, onde se lles vea en situacións de bo trato (recibíndoo ou dándoo), elaborárase un mural que se exporá nun lugar do centro para que poda ser visto por toda a comunidade educativa.

A carón do mural pegarase a frase “Trátame ben”

Proposta Didáctica 3 – 6 anos (Primeira parte)

Actividade nº 1: Os meus contos dan exemplo

Materiais: un folio DIN4 para cada alumno e alumna e os contos. Encerado, xiz ou ordenador con acceso a Internet.

Desenvolvemento: Lectura o visionado dos contos “Arturo y Clementina” e “Rosa caramelo”. Pódense realizar diversas actividades como, por exemplo, facer un debuxo da historia, ou por grupos pódese dar unha versión alternativa ao conto. Analizamos os sentimentos dos personaxes e ofrecemos entre todas e todos bos exemplos de relacións: Son estas as relacións que queremos? Como debería tratar a Clementina?: decirlle que a queremos, invítala a xogar, contarlle algo gracioso, preguntarlle se lle podemos dar unha aperta, axudala se ten un problema, pero nunca tratala mal.

Actividade nº 2: Emociómetro

Que importante é recoñecer as nosas propias emocións e saber expresalas!

Materiais: papel continuo, lapis, cores, tesoiras, pegamento, cartolinas.

Desenvolvemento: Elaboración dun “Emociómetro” que axude ao alumnado a recoñecer e identificar as súas emocións.

Cada día, na asemblea, presentaranse distintas situacións (mediante un diálogo ou a través de imaxes) das que terán que determinar o posíbel estado de ánimo (alegres, enfadados/as, tristes, ...) dos personaxes implicados e deberán plasmalo no seu emociómetro persoal.

Tamén se poderán traballar de forma grupal ou individual ou mesmo, poderanse cambiar os roles e ser o alumnado o que pregunte aos seus semellantes por unha determinada emoción.



Proposta Didáctica 3 – 6 anos (Segunda parte)

Actividade nº 3: Pintando as emocións

Materiais: plastilina de cores, papel continuo, lapis, cores, tesoiras, pegamento, cartolinas e láminas de plastificar.


Desenvolvemento: Crearemos un cadro onde cada participante deberá reflectir as distintas emocións que estiveron traballando na aula. Logo realizaremos un xogo, no que terán que representar a emoción con plastilina e o resto da clase terá que adiviñar a emoción da que se trata. Como ampliación pedirémoslles, segundo a idade do alumnado, que escriban ou copien a emoción que representaron entre todas e todos.

Actividade nº 4: Merendamos as malas condutas

Materiais: bolsas de plástico transparentes, rotuladores, papel e tesoiras.

Desenvolvemento: En asemblea ensinaremos distintas imaxes e o alumnado determinará se se trata dunha boa ou mala conduta. Ademais, reforzaremos a empatía, a amabilidade e as boas prácticas.

Para ampliar a actividade, colorearán as imaxes, recortaranas e logo xogaremos a “Merendamos as malas condutas”. Terán que meter na bolsa as imaxes que leven consigo unha mala conduta e darllas ao monstro para que as merende



Actividade nº 5: Pasaporte de amabilidade e fotomontaxe de boas condutas

Materiais: papel continuo, lápices, cores, tijeras, pegamento, cartulinas, periódicos, imáxenes, fotografías, etc.

Desenvolvemento: Crearemos un modelo de pasaporte de amabilidade ou de boas condutas, para premiar estas boas accións que se dan a diario na rutina da aula.

Estableceranse en asemblea cales son as normas a cumprir, cada alumna e alumno corará o seu propio pasaporte e ao rematar o día repasaranse as normas e adxudicaranse os selos ou pegatinas para os que cumpriran as boas condutas.

Ademais, faranse fotos das distintas normas para que sirvan de exemplo próximo ao alumnado. Desenvolvemento da fotomontaxe: realizamos a fotomontaxe con fotografías en branco e negro aclarando que accións negativas deben evitarse, e con fotografías en cor exemplificamos os actos e as accións positivas que deben producirse na nosa sociedade, tanto na casa coma nas aulas, para erradicar esta lacra, da que son vítimas moitas mulleres no mundo. <http://www.papasypeques.com/2014/12/fotomontaje-exposicion-para-conmemorar.html>

Proposta Didáctica 6 – 9 anos (Primeira parte)

Actividade nº 1: UVI (Unidade de Vixilancia de Igualdade): Departamento de Investigación de Estereotipos Sexistas
Materiais: Cronómetro con alarma, textos proxectados ou impresos (Descrición 1, Descrición 2, Descrición 3, Descrición 4, Cuestionario 1, para cada grupo, e Cuestionario 2, para a mestra ou mestre), papel continuo onde estea escrita unha frase similar a “Todo o mundo pode ser:” e recadros de papel e cinta adhesiva (polo menos 1 por alumna e alumno).

Descrición 1

É unha persoa amábel, cariñosa e ordenada. Saca boas notas no cole e cae ben en clase. Gústalle axudar a cociñar e saír ao parque a xogar; tamén bailar e cantar. Encantaríalle poder ter unha melena longa, pero a súa familia non llo permite

Descrición 2

É unha persoa divertida, bromista, e tamén un pouco desastre porque sempre esquece as súas cousas nalgún sitio. O que máis lle gusta do cole é a Educación Física. Encántalle montar en bicicleta e xogar co seu equipo de baloncesto.

Descrición 3

É unha persoa tímida, non lle gusta falar diante de toda a clase. No tempo de lecer non xoga moito, prefire estar falando coas súas amigas e amigos. Practica judo e gaña moitas competicións, pero o que máis lle gusta é sacar ao seu can de paseo e xogar

Descrición 4

É unha persoa mandona; case sempre quere ser a persoa voceira do equipo de clase, ou encargarse da coordinación. Saca moi boas notas, pero soe mofarse cando alguén non sabe algo ou lle sae mal, no canto de axudar. Presume moito do que ten: da súa roupa, dos seus xogos, ...

Proposta Didáctica 6 – 9 anos (Segunda parte)

Desenvolvemento: Cada grupo debe ter acceso, ben en papel, ben en soporte dixital, ás catro descrições e ao cuestionario. Deben ler e debater entre eles antes de consensuar a resposta do grupo ás cuestións do formulario (15 minutos).

Quen sexa a persoa voceira do grupo, exporá ao resto da clase as respostas ao Cuestionario 1. A mestra ou o mestre deberán tomar nota das coincidencias ou da ausencia das mesmas entre os grupos para organizar o reparto do Cuestionario 2.

No caso de que dous grupos cheguen a conclusións opostas sobre a mesma descripción, entregaráselles o Cuestionario 2 coa Descripción en conflito para que xustifiquen a súa resposta e, posteriormente debatan entre si. Igualmente, se ao responder ao Cuestionario 1, algún grupo chega á conclusión de que non pode saberse se se trata dun neno ou dunha nena, tamén terá que xustificalo.

Conclusións do grupo clase: colócase o papel continuo ou a cartolina na parede e cada cal escribe no seu recadro de papel un adxectivo descritivo da personalidade ou carácter e irá pegalo no papel. Se o desexan, poden ilustrar a palabra elixida cun debuxo que a simbolice.

CUESTIONARIO 1

- 1.Credes que se trata dun neno ou dunha nena?
- 2.Elaborade unha lista coas palabras que vos fan pensar que se está a falar dunha nena ou dun neno.

CUESTIONARIO 2

- 1.Hai algunha palabra na Descripción "x" que indique claramente que está a falar dun neno? E dunha nena?
- 2.Entón, por que o pensades?

Proposta Didáctica 6 – 9 anos (Terceira parte)

Actividade nº 2: UVI (Unidade de Vixilancia de igualdade): Departamento de linguaxe inclusiva

Material: Para cada alumna e alumno a Ficha 1: Linguaxe inclusiva - unir palabras e a Ficha 2: linguaxe inclusiva - unir oracións.

FICHA 1

Une cada cadro da esquerda, que esquece que as mulleres tamén están, co cadro da dereita que inclúe a todo o mundo.

Os alumnos

O persoal sanitario

Os médicos, as enfermeiras e os celadores

As familias

Os pais

O profesorado

Os escritores de contos infantís

O alumnado

Os profesores

O persoal de comedor

Os monitores de comedor

A escritura de contos infantís

FICHA 2

Une cada cadro da esquerda, que só nomea aos homes , co cadro da dereita que inclúe a todo o mundo.

Aos nenos gústalles xogar e aos maiores, tamén.

Os menos menores de 6 anos non están obrigados a levar mascarilla.

Os alumnos de 6º recibiron un premio polo seu traballo sobre a reciclaxe.

Os pais protestan porque o instituto se queda pequeno.

Teño que ir ao médico, para que a enfermeira me quite os puntos.

As familias protestan porque o instituto se queda pequeno.

Teño que ir ao centro de saúde para que me quiten os puntos.

Na infancia gústanos xogar e na idade adulta tamén.

As nenas e os nenos menores de 6 anos non teñen que levar mascarilla obrigatoriamente.

O alumnado de 6º recibiu un premio polo seu traballo sobre a reciclaxe.

Proposta Didáctica 9 - 12 anos

Actividade nº 1:

Primeiramente ensinaremos a imaxe para que o alumnado pense e explique as razóns polas que este tipo de violencia non ten idade. Con esta actividade pretendemos que o alumnado sexa partícipe na loita contra a violencia machista que, desgraciadamente, está á orde do día. En grupos de 4 ou 5 alumnos e alumnas deberán realizar un mural para posteriormente explicar en clase que é para elas e eles e tentar aportar ideas para erradicala.



Actividade nº 2:

Cos ollos pechados imos escoitar a coñecida canción La puerta violeta de Rozalén e imos pensar que nos ven á mente, que nos evoca.

<https://www.youtube.com/watch?v=hJ39rxPISwg>

Con esta actividade queremos que se tome conciencia e se procure erradicar todo tipo de vocabulario e ideoloxía machista e malos tratos cara o sexo feminino. Imos pescudar que nos aporta a cor violeta e as razóns polas que se emprega no feminismo.



Proposta Didáctica 12 - 15 anos (Primeira parte)

Actividade nº 1:

No seguinte enlace podedes coñecer un pouco da historia de Ivana Rosales, a través do avance do filme de Susana Nieri, *Ella se lo buscó*, que podedes atopar no seguinte enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=uh1D5FVONZ0&t=19s> protagonizado pola mesma Ivana Rosales. Ademais de sufrir violencia de xénero, que case a leva á morte e que lle deixou graves secuelas, sufriu violencia institucional durante o proceso xudicial, culpabilizárona do ocorrido por ser mala esposa e nai, e puxéronse do lado do seu agresor.

Ela andaba buscándoo – segundo dixo o fiscal do caso.

Pero Ivana seguiu a loitar e demandou ao Estado Arxentino pola vulneración dos seus dereitos humanos e os das súas fillas.

O pasado 23 de setembro de 2021 o Estado Arxentino recoñeceu publicamente o seu erro, no primeiro acordo de solución amigábel ante a Comisión Interamericana de Dereitos Humanos (CIDH) e pediu desculpas polas graves violacións aos dereitos humanos que sufriron as vítimas, Ivana Rosales e as súas fillas Abril e Maika. Podedes consultalo no seguinte enlace: <https://www.telam.com.ar/notas/202109/569527-estado-cidh-violencia-genero.html>

En grupos de 4, pescudade sobre este e outros casos de violencia institucional contra a muller, no ámbito local, autonómico, estatal ou internacional.

Realizar unha presentación na que ademais de expor a historia da violencia contra a muller, os diferentes tipos de violencia que padece, se expoñan os principais motivos polos que sufriu violencia institucional.



Proposta Didáctica 12 - 15 anos (Segunda parte)

Actividade nº 2:

En *Gotas de lluvia*, Susana Nieri dirixe á filla de Ivana, Abril Rosales, que conta como ela e a súa nai pasaron de vítimas a activistas feministas.

Mira o avance do filme no seguinte enlace
<https://www.youtube.com/watch?v=j-4hPbNIMvY>.

Aparecen imaxes de manifestacións feministas.

As feministas van vestidas con camisetas, panos, pancartas, ... con diferentes lemas.

Anotádeos no caderno e buscade información en Internet sobre o tema ao que fan referencia, e se se teñen acadadas ditas reivindicacións. Debatédeo no grupo clase.

Para finalizar, create os vosos lemas explicando a reivindicación á que fan referencia, e expoñédeos ao resto da clase.



Proposta Didáctica 15 - 18 anos (Primeira parte)

Actividade nº1

Comezamos falando sobre o consentimento sexual. Para definilo e tratar certas cuestións básicas co grupo- clase podemos utilizar a páxina:

<https://www.plannedparenthood.org/es/temas-de-salud/relaciones/consentimiento-sexual>


Unha vez aclarado o concepto, visionamos o seguinte vídeo que dura ao redor de 3 minutos:

<https://www.youtube.com/watch?v=J0pA-iZTt3E>

Para realizar o traballo final facemos grupos de 4 ou 5 alumnas e alumnos que, en base ao visto anteriormente, teñen que elaborar unha infografía (con Pictochart ou Canva por exemplo) que conteña a seguinte información:

- Que significa dar consentimento?
- Que palabras se utilizan para dar ese consentimento?
- Cando necesitamos pedir consentimento?
- Que podes dicir nas situacións nas que non queres dar o teu consentimento?
- Como debes reaccionar se ti precisas algo pero a outra persoa non quere, se onte fixestes algo pero hoxe non lle apetece, se está sorrindo pero di non, se comezastes a facer algo e a outra persoa quere parar?

Exporemos os traballos finais na web do centro, na clase ou no taboleiro do instituto destinado a temas de igualdade.



Proposta Didáctica 15 - 18 anos (Segunda parte)

Actividade nº2

Comezamos a actividade lendo a entrevista a Jose Ignacio Pichardo, profesor do Departamento de Antropoloxía Social e Psicoloxía Social na Universidade Complutense de Madrid, onde fala do **concepto de nova masculinidade**, no seguinte enlace:

<https://www.es.amnesty.org/en-que-estamos/blog/historia/articulo/la-nueva-masculinidad-permite-una-forma-mas-sana-e-igualitaria-de-relacionarte-con-las-mujeres-y-tambien-con-otros-hombres/>

Para continuar reflexionando vemos o seguinte vídeo que dura ao redor de 5 minutos:

<https://www.youtube.com/watch?v=bSOE2vZMJZA> Que significa ser un home de verdade?

Dividimos a clase en grupos de 4 ou 5 alumnas e alumnos. Cada grupo ten que crear un mapa conceptual cos aspectos e características que consideran que definen a un home na actualidade. Poden utilizar para elaboralo Mindomo ou Xmind por exemplo. Unha vez rematados, compartiremos en gran grupo os diferentes mapas conceptuais, co fin de elaborar un mapa que conteña os aspectos comúns a todos os grupos, e que colgaremos na clase, no taboleiro de igualdade ou na web do centro.



Proposta Didáctica Persoas Adultas

Actividade: Serie Fórum Maid (La asistenta)

Propoñemos que ao longo do visionado da serie La asistenta o alumnado vaia completando, de xeito individual, as actividades que se amosan a continuación, para ir debatendo sobre elas, primeiro en pequenos grupos heteroxéneos de idades e sexos e logo co grupo completo.

Descrición da protagonista: personalidade, capacidades, debilidades, etc.

Descrición da súa contorna socio- económica.

Descrición da súa contorna familiar.

Descrición da súa contorna laboral.

Observamos as distintas formas de violencia machista que padece a protagonista e definímolas: violencia psicolóxica, violencia vicaria, violencia institucional, violencia física, violencia verbal, ...

Analizamos as accións que a nosa protagonista realiza en resposta a todas as violencias que soporta e os atrancos que se atopa no camiño.

Analizamos a influencia da contorna familiar e socioeconómica na vida de violencia que leva a nosa protagonista. Debate sobre a violencia machista noutros eidos socioeconómicos e noutras estruturas familiares.

Empoderamento. Describimos o proceso de empoderamento da protagonista. Analizamos que proceso interno ten feito para atoparse por fin nese camiño. Con que dificultades se atopa, con que axudas e apoios.

Sacamos conclusións. Que se pode mellorar para axudar á nosa protagonista. Que podemos facer para axudala a saír dese inferno. Que deben facer as institucións, que podemos facer dende outros eidos. Procuramos e analizamos as críticas e recesións que se fixeron desta serie. Propoñemos unha mellor sinopse da serie, sen desvelar o final.



Proposta Didáctica Ana Rodríguez e Andrea Peteiro, alumnas de 2º BAC no IES de Arzúa no curso 2020-21 (Primeira parte)

Actividade: Curta *Escondite inglés*

Baseada no guión gañador no VII Certame de guións contra a violencia de xénero da Deputación da Coruña

Enlace para ver o vídeo: <https://youtu.be/ipSpuXBMOWA>

Duración: 06:31

Palabras chave para traballar antes de ver o vídeo: Violencia de xénero, Violencia de xénero por motivos económicos, Dupla xornada laboral, Empoderamento, Carga mental, Feminismo, Machismo, Discriminación, Sororidade, Símbolo, Prolepse ou flashforward

Despois de ver o vídeo:

1. Na curta o xogo do Escondite inglés agocha valores simbólicos. Tenta descifralos.

Para iso tenta responder as seguintes cuestións:

- Quen panda ou guía o xogo? ¿Quen son guiado/as?
- Que pode simbolizar 'moverse' ou 'estar quieto'?
- Que valor adquiren as palabras da rapaza que 'gaña' o xogo?

2. a) María, é a primeira nena que aparece, por medio da prolepse coñecémola de adulta. Tenta explicar en que consiste a violencia económica por motivos de xénero nesa escena.

b) A partir da reacción da amiga, tenta explicar o significado do termo sororidade.



Proposta Didáctica Ana Rodríguez e Andrea Peteiro, alumnas de 2º BAC no IES de Arzúa no curso 2020-21 (Segunda parte)

3. a) Tenta aplicar termos como dupla xornada laboral e carga mental á segunda escena, a de Diana e a cuarta, a de Natalia.

Podes axudarte das seguintes preguntas:

- Quen realiza as tarefas dentro da casa? E fora?
- Quen 'ten' que ocuparse de pensar que fai falta na casa?

b) Natalia dá unha resposta sobre as compras realizadas. Tenta aplicar o concepto de empoderamento a esa situación e contrasta esas palabras co que sucede na imaxe seguinte da escena.

4. Escena terceira, Laura.

- a) En que se fixa o entrevistador (que vemos co movemento da cámara) cando Laura entra?
- b) Que preguntas lle fai o entrevistador a Laura? Serían as mesmas que lle faría se a persoa candidata fose un home? Por que cres que sucede?

5. Explica que queren transmitir as palabras finais: 'polas que foron, polas que seremos'.

- A quen se refire? Que cres que debe mudar nas diferentes escenas para conseguir a igualdade?

Novas de prensa sobre a curta:

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/arzua/2021/02/17/guion-4000-euros-ies-arzua/00031613568856322637895.htm>

<https://depuacorunha.bng.gal/articulo/portadas/duas-alumnas-arzua-ganan-concurso-guions-violencia-machista-da-area-igualdade-da-deputacion/20210216122448001686.html>